

Xosé

Felipe Domínguez Figueroa

Primeiro premio do concurso Igualando a lingua 2010, convocado polo Concello de Cee

<http://www.concellocee.es/>

Xosé é alto, quizais demasiado alto para ser galego, e delgado, en recordo quizais de aqueles tempos da posguerra.

Xosé é labrador, as súas mans son mans de quen está acostumado a traballar na terra, pero os seus ollos son ollos de intelectual, son ollos que falan, que rin, que choran, que che atravesan a alma ó mirarche.

Falan máis os seus ollos cá súa boca, pero, cando a súa boca fala, faino sempre en galego.

El di que o fai porque só coñece esta lingua, pero eu moitas veces, cando le os xornais, téño visto ler en castelán.

Xosé ten 90 anos. Tódolos días le o xornal. Pero non le algunhas novas ou as máis interesantes, non. Le todo o xornal, dende a primeira ata a derradeira palabra, dende a primeira folla ata a última, incluído por suposto os anuncios e ata as necrolóxicas.

Cando chega ás necrolóxicas eu seino sen velo, porque para un momento e deixa saír un longo suspiro.

Se te fixas ben podes ver como lle brillan os seus ollos, ata os pecha un pouquiño, como saboreando as palabras, cando le os artigos en galego.

Un día, con curiosidade de neno, pregunteille por que facía iso, e el díxome- “ai! neniño, se ti souberas o que significa poder chegar a ler en galego un xornal, tamén a ti che brillarían os ollos.

Dende aquela, cada vez que leo algo en galego nun xornal, acórdome de Xosé e pecho un pouco os ollos para saborear as palabras.

O bo Xosé amaba o galego, pero amaba o galego, porque como el dicía, era a súa lingua sen menosprezo das outras. Non, Xosé nunca falou mal do castelán, nin de ningunha lingua, e tiña moito respecto por todas elas, ata tiña un vello dicionario de castelán, que un día remexendo nos caixóns atopei por casualidade.

El amaba o galego porque era a súa lingua, pero eu creo que se nacera noutro lugar tería amado tamén a lingua dese lugar. No fondo, creo que amaba tódalas linguas, aínda que a que máis amaba era a súa.

Xosé era un home culto. Fíxose culto lendo xornais e cavilando, cando ía con gando ó monte, cando plantaba patacas, cando muxía as vacas...

Agora era vello, pero eu recórdoo máis novo, cando era forte e fendía a terra co sacho, cando movía pedras máis grandes ca min; que forte era! Pero logo, cando se sentaba a ler o seu xornal e pasaba as follas, era delicado. E cando falaba aquel galego, aquel galego que a min me parecía tan antigo, cando dicía “*Auntamento*”, en vez de concello, ou mesmo “*gracias*” ou calquera outra palabra que hoxe está desterrada por parecerse moito o castelán, era delicado.

Non había palabra nel que non soara a galego, mesmo as palabras que se pronuncian o mesmo que en castelán, que algunha hai, a pesar dos puristas, soaban en galego.

Calquera palabra que saíra pola súa boca era galega, daba o mesmo que fora un hiperenxebrismo, un lusismo, con gheada, con seseo... que sei eu, calquera.

El falaba e o que saía del era galego.

Un día, xa máis de mozo, cando na escola o mestre de galego me machacaba coas normas da escrita e a fala do galego, díxenlle: “pois eu estou farto de tantas normas, que máis dá se escribo noite ou *nuite*”

El miroume serio e díxome:

“Unha árbore pode medrar libre e ser fermosa, pero tamén podemos guiala para que medre por onde nós queremos e sexa unha grande árbore, forte e con coñecemento de que é libre”

Outro día sentín suspirar a Xosé, pensei que estaría na páxina das necrolóxicas, pero non era así, achegueime e puiden ler:

“Unha mostra da perda de galego-falantes, isto é, co galego como lingua materna é un informe de outubro do 2007 do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Segundo este só un 20,6% dos nenos teñen coma idioma inicial o galego. Como contraste, hai que sinalar que en 1992 o mesmo seminario cifraba estes datos nun 60,3%. Nas cidades os resultados son peores: estimándose que só un 1,6% dos ferroláns e un 4,3% dos vigueses teñen o galego como lingua inicial, na Coruña o 6,3%, en Ourense o 9,1%, en Pontevedra o 9,4%, en Lugo o 17,9% e en Santiago o 18,4%.”

Os seus ollos puxéronse tristes.

“Non deixes nunca de falar o galego, meu pequeno”- dixo- “non che importe se o falas ben ou mal. Fálao dende o corazón..., e será galego puro. Cando o fales búscalo dentro de ti coma se fora o manancial dunha fonte, déixalo que chegue ó mar, deixa que as normas dirixan o seu leito, pero non te perdas polo camiño, o importante é chegar ó mar.

A iso agora chámalo normalizar. Usa o galego e así nunca morrerá. Non deixes que morra, meu filliño, porque nesta lingua vive unha parte da túa historia.

Tampouco a uses como un arma. Unha lingua non é un arma. É unha cousa viva que debe ser amada.

Respecta as outras linguas, porque respectando as outras linguas, elas respectarán a túa.

Se alguén che fala noutra lingua, se a sabes, contéstalle nesa lingua. Non pasa nada, as linguas están feitas para comunicarse. Pero cando fales o galego faino con amor; os outros cando vexan o amor con que falas, tamén a quererán falar. Ó fin e ó cabo tamén é a lingua deles.

Esta, meu nenño, é a mellor maneira do que eles chaman normalizar o uso da lingua.-
dixo- e logo calou.

Agora cada vez que escoito falar en galego con amor, aínda que non sexa de forma correcta, acórdome de Xosé. E cando escoito falar outra lingua, pero con amor, tamén me acordo de Xosé. E unha bágoa escorre pola miña meixela.

Pero o que recordo con máis nostalxia eran aquelas longas noites de inverno, nos que quedaba durmido ó carón do lume, mentres na cociña, Xosé falaba cos meus pais, naquela lingua antiga e fermosa que me ía arrolando, e arrolando ata que o mundo para min deixaba de existir, e pechando os ollos deixábame levar voando, por riba dun mar de palabras, nos brazos de Morfeo.